

8 DE MARZO

UNIDADE DIDÁCTICA

Interseccionalidade de xénero

para traballar nas aulas de **PRIMARIA** o 8 de Marzo

Mulleres en
FOLGA



Introdución

Vivimos nunha sociedade en constante transformación. Os cambios sociais producidos polos fluxos migratorios, a alteración da economía e do mercado laboral, a reivindicación da diversidade sexual e de xénero, o transvase de poboación campo-cidade ou o auxe das novas tecnoloxías e redes sociais preséntannos un escenario cheo de singularidades que conflúen na necesidade de interpretar as variables que permiten educar baixo valores de igualdade, non discriminación e a cultura da paz. Aínda que moitos destes cambios supuxeron grandes progresos para a nosa sociedade, outros afondaron nas desigualdades xa existentes e crearon novas realidades ás que debemos facer fronte.

A interseccionalidade de xénero como enfoque coeducativo pretende ser unha ferramenta útil para traballar as estruturas de discriminación múltiple que con frecuencia atopamos nas aulas. Isto implica asumir como punto de partida a desigualdade de xénero, que afecta a máis da metade do alumnado, e asociar outras discriminacións de distinto tipo ás que está exposto o alumnado. A busca de novas metodoloxías que acollan a todos os individuos coas súas singularidades baixo o enfoque da diversidade e da non discriminación achega un marco de traballo para un sistema educativo que cada vez máis, ten a diversidade

(étnica, sexual, de xénero, socioeconómica, funcional...) como característica principal.

Dende esta xénese, a “interseccionalidade” é un termo empregado para sinalar como diferentes fontes estruturais de desigualdade manteñen relacións recíprocas. É un enfoque teórico que subliña que o xénero, a etnia, a raza, a clase ou a orientación sexual –entre outros trazos da identidade– son construídas e relaciónanse entre si. Non consiste en enumerar desigualdades se non en analizar cales son determinantes en cada contexto. Isto permite identificar exclusións estruturais e xerar estratexias únicas para combater discriminacións recíprocas. Esta mirada complexa permite evidenciar estratexias de poder que funcionan en base a normas sociais naturalizadas e que requiren dunha atención específica para ser detectadas.

Seguindo este enfoque, trataremos de afondar nas relacións de poder que xera a desigualdade de xénero –valéndonos da coeducación como base metodolóxica– para introducirmos nas interseccións con outras discriminacións que teñen como obxecto a lingua, a etnia, a orientación sexual, a diversidade funcional ou a posición económica para fomentar unhas relacións sans, non prexuízosas e non discriminatorias no conxunto da sociedade ♀



Obxetivos xerais

- Entender as diferenzas que a sociedade marca entre homes e mulleres e colectivos en risco de exclusión ou discriminados
- Recoñecer as actitudes discriminatorias que se exercen sobre o feminino, mais tamén sobre outros colectivos discriminados nos medios de comunicación, na linguaxe oral e a escrita, nas imaxes que se transmiten, nas relacións laborais e na economía en xeneral
- Emprego dunha linguaxe afastada de expresións discriminatorias.
- Identificar actitudes violentas e discriminatorias cara as mulleres e colectivos en risco e rexeita dita violencia
- Adquirir unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coa das demais persoas e/ou compañeiras
- Crear espazos de seguridade entre compañeiras e compañeiros
- Converter ao alumnado en axentes de cambio e transformación social.

Metodoloxía

Antes de introducir e traballar a interseccionalidade de xénero na aula é preciso que cada docente teña un coñecemento previo do alumnado para poder dirixir as actividades cara as discriminacións que considere que se axustan máis á realidade das alumnas e alumnos coas que se realizarán as tarefas. Isto implica ter en conta se hai poboación migrante ou non, se hai persoas LGTBQ+, se hai alumnas e alumnos con diversidade funcional, minorías étnicas, as diferentes clases sociais que se poden ver representadas na aula, a procedencia rural ou urbana do alumnado, diversidade lingüística ou presenza de linguas minorizadas –como é o caso da lingua galega especialmente en contextos urbanos ou semiurbanos– e diversidade relixiosa, entre outras.



Unha vez definidas estas liñas, débese fomentar unha actitude **participativa e activa** tanto por parte do profesorado que pon en práctica as actividades como por parte do alumnado que, en última instancia, será o encargado de desenvolverlas. Todas as actividades a realizar enfócanse **dende unha perspectiva feminista**, onde o conxunto do alumnado poida identificar como unha boa parte das compañeiras sofre unha situación de discriminación só polo feito de ser muller. Nalgúns casos traballárase de **xeito directo** e concreto e noutros de **maneira transversal**.

Unha vez que o alumnado identifique o que é unha discriminación e poida sentirse interpelado empregando algunha experiencia vivida, comezaranse a traballar as discriminacións múltiples e os efectos que estas teñen sobre as compañeiras e compañeiros que as sofre.

Para rematar, dotaráselle ao alumnado de ferramentas para desarticular as condutas que xeran desigualdade sobre as súas compañeiras e compañeiros –e que son extrapolables á vida cotiá– e así proceder á eliminación das situacións discriminatorias coas que conviven. É importante xerar espazos de seguranza entre o alumnado para que poidan ser libres mantendo e reivindicando a súa identidade. Paralelamente hai que explicar que a discriminación só xera odio e violencia, o que se traduce nas aulas en acoso escolar ou *bullying* .

Consellos

- É importante que o profesorado transmita que a diversidade entre as diferentes identidades do individuo suman e enriquecen mutuamente ao conxunto da sociedade.
- As particularidades de cada individuo, nunca deben ser entendidas polo profesorado nin polo alumnado de xeito pexorativo ou negativo. Ninguén ten mala ou boa sorte por ter unha identidade concreta ou unha realidade socioeconómica determinada. Simplemente constrúe a súa identidade en base ás particularidades dos seus condicionantes.
- Evitar enviar mensaxes de revictimización das persoas que sofren discriminación na aula. Estas alumnas e alumnos loitan e sofren todos os días por ser “diferentes” dentro dos espazos normativos. A mensaxe debe ser empoderadora e de buscar aliadas e aliados na súa loita persoal.
- Trasladarlle ao alumnado a importancia do seu papel como axentes de cambio no seu entorno e para o futuro.

Actividades

ACTIVIDADE 1. *Eu son o que queira*

Material: Debuxos de xoaniñas, papel estraza e cores.

Desenvolvemento: Realízanse debuxos de xoaniñas con ferramentas ou vestimentas que identifiquen distintas profesións.

O alumnado deberá pintalas coas cores que consideren. De feito, débese suxerir que sexan o máis creativos posibles para que se saian do estándar da xoaniña vermella.

Posteriormente, colaranse nun mural e iráselle dando identidade a cada xoaniña. En función do oficio, será interesante observar que xénero lle outorgan a cada xoaniña, que nacionalidade, que lingua fala, se é relixiosa ou non, cal é a súa cor e por que.

A idea é que as cativas e cativos entendan que o seu futuro (e neste caso o das xoaniñas) non debe estar condicionado polo xénero, a orientación sexual, a cor, a relixión... Simplemente todas son xoaniñas, diversas, que poden voar ate onde queiran.

Para rematar a tarefa, as alumnas e alumnos poden pegar a súa foto -tamaño carné- enriba da xoaniña coa que se sintan representadas e representados.

ACTIVIDADE 2. *Semellamos diferentes pero somos iguais*


Material: unha televisión, un ordenador e/ou proxector.

Desenvolvemento: Tomaremos como base a canción *Xuntos e Revoltos* de Korosi Dansas do Xabarín Club. Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=OmOCc7CvKVk>

A canción aparece en formato Karaoke así que se lle pedirá ao alumnado que a canten, dúas ou tres veces.

Despois terán que teatralizala berrando agarrados das mans ou abrazándose. Como a canción di “somos do xabarín” como factor de unión entre todas as diversidades de cada rapaza e rapaz e hoxe en día este club xa non ten presenza, explicámoslles que a aula a partir de agora será o club xabarín e que todos son xabaríns, diferentes entre todos pero xabaríns.

Ao rematar fálase da importancia de romper os estereotipos de xénero. ¿Poden as mulleres conducir camións? ¿Poden os homes regar as plantas? Etc...





ACTIVIDADE 3. Os catro paxaros

Material: unha televisión, un ordenador e/ou proxector.

Desenvolvemento: visionado da curta de Pixar *Los cuatro pájaros*. Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=BaiejBMiGFM>

Tras o visionado faise unha comprensión colectiva da curta para asegurarse que todas e todos os alumnos a entenderon. Posteriormente, pregúntaselles por que os primeiros paxariños non queren ao paxaro grande. Se lles parece ben ou mal. Se coñecen situación na súa escola ou na súa vida similares. Tamén deben reflexionar sobre que ser diferentes non é malo senón que é enriquecedor. Xa por último, o alumnado debe reflexionar sobre o que lles pasa aos paxaros ao final.

ACTIVIDADE 4. Quen é quen?

Material: fotografías, debuxos, recortes de prensa...

Desenvolvemento: Esta actividade consiste en que o alumnado poida detectar as discrimi-

nacións que sofren as persoas baseadas en estereotipos.

A profesora ou profesor levará dúas fotos:

1. Unha muller, negra, sen demasiados recursos, con cargas familiares, que non vista cunha estética occidental.
2. Unha muller, branca, occidental, exitosa, con recursos económicos, con estética occidental.

O alumnado debe escribir unha breve historia sobre estas dúas mulleres. Pódeno facer de maneira individual ou colectiva. Tamén pode ser de xeito oral, anotando entón a profesora ou profesor no encerado as características que máis destaquen das historias.

Os relatos van esta cheos de estereotipos polo que agora a/o docente debe proporcionar fotos de persoas coas características inversas:

1. Mulleres negras exitosas (Michelle Obama, Beyonce...)
2. Mulleres brancas e occidentais que viven grandes dificultades.

Reflexionar sobre a importancia da desigualdade á hora de xerar discriminación.

Por último preguntarlle aos alumnos se consideran que os homes, en calquera das 4 situacións vistas anteriormente o terían máis sinxelo ou máis complicado que as mulleres que amosamos. Reflexionar os porqués das respostas.

ACTIVIDADE 5. Non como perdices!!

Material: o conto impreso ou un ordenador se se prefire empregar a versión dixital do youtube. Gafas violetas (o feminismo emprega a metáfora das gafas violetas para referirse á visión do mundo cunha perspectiva de xénero).

Ligazón do conto descargable: http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/lacenicienta_quenqueriacomerperdices.pdf

Desenvolvemento: procederase á lectura do libro "La cenicienta que no quería comer perdices". Practicamente todo o alumnado coñecerá o libro clásico da Cincenta. Esta nova versión romperalles as ideas preconcebidas sobre o desenvolvemento da historia ademais

de rachar cos estereotipos de xénero, clase, raza...

Antes de comezar pedímoslle ao alumnado que se coloque as gafas violetas. De non telas, pedímoslle que se imaxinen que teñen unhas gafas violetas que lles fan ver a realidade de maneira diferente.

Posteriormente realízase a lectura e unha vez rematada pídeselle aos alumnos que retiren as gafas.

Que pasou co conto? Dende que tedes as gafas violetas postas parece que a historia mudou, non si?

Aprovéitase este contexto para realizar unha reflexión conxunta coas alumnas e alumnos a cerca da importancia da desigualdade e xénero, de raza, clase social... Tamén se contrastan as dúas versións do conto e se lles pregunta cal lles parece mais xusta e cal lles gusta máis.



Ao rematar a volta (pódese repetir o exercicio as veces que @ docente considere oportuno) reflexiónase sobre todas as diferencias que saíron mencionadas e pregúntaselle ao alumnado se consideran que ser diferente é bo ou malo, ou simplemente o normal. O lóxico é que en maior ou menor medida tod@s sexamos diferente porque iso é o que nos fai ser únicos (construír a nosa identidade propia).

Remátase a actividade cun abrazo colectivo pola diversidade.

ACTIVIDADE 6. Dame un bico porque somos diferentes

Material: non é necesario.

Desenvolvemento: Precisamos que o alumnado faga un círculo de tal maneira que exista contacto visual entre tod@s.

Realízase a pregunta: Pensades que todos somos iguais ou somos diferentes?

Escóitanse as respostas que dá o alumnado.

Posteriormente unha alumna ou alumno comenta unha característica diferente que ten a súa compañeira ou compañeiro que está localiza@ á súa dereita. (Exemplo: Pedro, ti es diferente a min porque es máis alto.)

Pedro ten que dicir se está de acordo ou non co que lle acaba de dicir @ compañeir@ (Exemplo: Xulia, estou de acordo con que son máis alta ca ti // Xulia, non estou de acordo con que sexa máis alto, parececho a ti porque emprego zapatos con plataforma).


Xulia ten que contestarlle: Pedro, pois dáme un bico porque somos diferentes e iso é xenial. (Danse un bico ou unha aperta...).

Pedro continúa desta maneira a cadea até que o exercicio estea completado por todo o alumnado.

ACTIVIDADE 7.

Material: Fotocopias das imaxes proporcionadas ou debuxar ditas imaxes en papeis de pequenas dimensións.

Desenvolvemento: Repártense entre o alumnado, de maneira proporcional, as figuriñas que se amosan a continuación. Entréganse de xeito aleatorio.



O alumnado deberá agruparse. A tendencia inicial das alumnas e alumnos será facelo en función da figura xeométrica que teña e das súas características conformando un total de 4 grupos.

Unha vez conformados os grupos a profesora ou profesor deberá preguntarlles por que razón decidiron estar no grupo que están. Neste momento indicarlles que teñen outras múltiples maneiras de unirse. En función da figura xeométrica, en función das liñas ou seguindo os círculos. Déixase que @s alumn@s se volvan xuntar de maneiras diferentes dúas ou tres veces. Finalmente a profesora ou profesor pregúntalles ¿E por que non facedes un só grupo se tod@s sodes figuras xeométricas?

Posteriormente farase unha transposición á realidade da aula onde se comentarán e debaterán as diferenzas existentes entre o alumnado. A profesora ou profesor iralles propondo diferentes maneiras de agrupamento (por xénero, por cor do pelo, por estatura...) até que finalmente conclúa propoñéndolles unirse tod@s xuntas no centro da aula, xa que a pesar das súas diferenzas tod@s son compañeiras, alumnas e persoas.

ACTIVIDADE 8. *Escribeme un conto*

Material: unha libreta ou papel e un bolígrafo ou lapis

Desenvolvemento: A profesora ou profesor propondrá darlle a volta aos trazos discriminatorios que existen na maioría dos contos clásicos. Escollerase un que sexa coñecido polo alumnado e trocaráselle o título. Pode ser Carra-puchiño azul e a porquiña feliz, Branconeves e as sete xigantas...

O alumnado deberá de construír unha historia onde as personaxes troquen a súa conducta por unha máis inclusiva e antidiscriminatoria. A profesora ou profesor poñerá exemplos ao alumnado para ilustrar como deben realizar a actividade.

Posteriormente leranse na aula e valoraranse os cambios feitos con respecto ao conto tradicional. Preguntaráselle ao alumnado que visión do conto lles gusta máis, a tradicional ou a que acaban de construír e por que.

Glosario

Interseccionalidade de xénero: termo empregado para sinalar como diferentes fontes estruturais de desigualdade manteñen relacións recíprocas primando o xénero -por afectar á máis do 50% da poboación- xunto coa etnia, a raza, a clase ou a orientación sexual -entre outros trazos da identidade- e interpretar como se constrúen e como se relacionan entre si.

Xénero: construción cultural que fai unha sociedade, nun momento concreto, a partir das diferenzas coñecidas como sexo.

Feminismo: teoría política que loita pola igualdade real entre mulleres e homes.

Acoso escolar/ Bullying: comportamentos intimidatorios e burlescos nos que entran as ameazas físicas e verbais e os insultos, e que xeran o illamento dun individuo ou un colectivo.

Autoría

Unidade didáctica realizada por MARÍA RÚA JUNQUERA, especialista en xénero, conflitos armados e relacións internacionais.

XV XORNADAS DA MULLER

SÁBADO 17 DE MARZO DE 2018

IES AS FONTIÑAS
RÚA ESTOCOLMO, 5. SANTIAGO

Solicitada a homologación por 8 horas lectivas.
Matrícula gratuíta.

A inscrición realizarase a través da web da as-pg:
www.as-pg.gal e CIG-Ensino: www.cig-ensino.gal
no apartado de Formación.

O número de prazas é limitado e cubrirase por rigorosa
orde de inscrición tendo en conta que hai unha reserva
máxima dun 30% para aquelas persoas que nunca
traballasen como docentes para a Consellería de Educación.

